



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 8 DE
ABRIL DE 2010**

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde, que se ausenta ás 22:20 h. antes de comezar o punto de Rogos e Preguntas.

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

GRUPO P.P.

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro do PP

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro

D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ,

Concelleira

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde
DNA. ISABEL RUIZ FERRO
Concelleira do BNG
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO
Concelleiro.

CONCELLEIROS NON ADSCRITOS

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS
Concelleiro
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ
Concelleiro

SECRETARIO en funcións

D. ROGELIO A. CARRERA ARES

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos do día oito de abril de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DO RURAL DE DATA 30-03-10, RELATIVO Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO DESLINDE ADMINISTRATIVO DO CAMIÑO REAL DE MOREIRA.
2º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA DE DATA 22-03-10, RELATIVA Á MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE REINTEGRO DA DOCUMENTACIÓN TRANSFERIDA A OUTRAS INSTITUCIÓN E PERTENCENTE AO ANTIGO INSTITUTO DA ESTRADA NAS SÚAS DISTINTAS DENOMINACIÓN.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN.-

3º.-	DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ACADADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 22-03-10, RELATIVO A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE BENESTAR, AO ABEIRO DA ORDE DO 19-02-10
4º.-	DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE FEBREIRO DE 2010.
5º.-	ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA.-

Sr. Alcalde: *Boas noites a todos, vamos dar comezo á sesión. Antes de nada quería aclarar que non vén na orde do día a aprobación da acta anterior porque, como sabedes, houbo un cambio de secretaría, entonces estamos pendentes de que o secretario anterior, que xa non está, lle dea o visto bo á acta para no próximo Pleno traer as dúas.*

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DO RURAL DE DATA 30-03-10, RELATIVO Á APROBACIÓN DEFINITIVA DO DESLINDE ADMINISTRATIVO DO CAMIÑO REAL DE MOREIRA. O Sr. Alcalde, retira este asunto da Orde do Día.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA DE DATA 22-03-10, RELATIVA Á MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE REINTEGRO DA DOCUMENTACIÓN TRANSFERIDA A OUTRAS INSTITUCIÓNS E PERTENCENTE AO ANTIGO INSTITUTO DA ESTRADA NAS SÚAS DISTINTAS DENOMINACIÓNS. O secretario da Corporación fai constar que obra no expediente o ditame da Comisión Informativa de Cultura na sesión do 22 de marzo do presente ano, aprobado por unanimidade de todos os membros.

Non producíndose intervencións, a Corporación, aproba por unanimidade, o ditame da Comisión Informativa de Cultura, e adopta o seguinte ACORDO:

“Dirixirse ao Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra así como ao IES “Sánchez Cantón” de Pontevedra para solicitarlles o reintegro da documentación que obra no seu poder referida a escritos, expedientes, actas, certificacións académicas e en xeral calquera outra que pertencera no seu momento ao centro académico que tivo as denominacións de Instituto da Estrada, Colexio de 2ª Ensinanza da Estrada, Colexio Inmaculada da Estrada e Colexio libre adoptado da Estrada.”

MOCIÓNS DE URXENCIA

1ª.- O Concelleiro do PSdeG – PSOE, Sr. Otero Espiño, solicita a inclusión do seguinte asunto: Moción relativa aos accesos á AP-53 desde a N-640 (Agar).

O Grupo Municipal Socialista, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación Municipal, esta MOCIÓN con carácter de urxencia, en base á seguinte

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada por unha situación que afecta á seguridade viaria no entorno da N-640, nunha vía competencia da Xunta de Galicia, na cal existen dificultades para a normal circulación de vehículos.

Sr. Otero Espiño, concelleiro do PSOE: *Por parte do grupo socialista vamos presentar dúas mocións de urxencia. Unha delas é coñecida xa polos grupos da oposición. Cóntame que se lle mandou xa copia por correo electrónico.*

A primeira, vén motivada a urxencia da mesma, por unha excepción que afecta ó acceso- entronque da autovía, da autopista AP-53, na zona de Penalobeira nos dous lares, coa N- 640. Intentáronse xa diversas opcións e fixéronse xa diversas actuacións na mesma pero que resultannos non satisfactorias, evidentemente, para os veciños. Este entronque é perigoso, mal sinalizado, difícil accesibilidade para tráfico pesado, autobuses e demais, e incluso había que buscar unha especie de solución de parcheo para poder facilitar o transporte escolar. Entónces, o que se

pide coa mesma é a mellora das condicións da rotonda de acceso, do entronque de acceso á AP-53 e N-640 e mellorar as condicións da rotonda, de feito, que se facilite a circulación e tamén a realización dun novo acceso ó núcleo de Penalobeira porque para poder acceder ás súas casas teñen que pegar un amplo recorrido. Xa digo, fixéronse algunhas actuacións provisionais pero desde logo a solución non é a mellor. Entonces, instar á Xunta de Galicia, á Consellería correspondente para que acometa como responsable deste vial a mellora deste entronque nas solucións que ten que dar. Posteriormente, posiblemente teñamos que acometer outras insuficiencias que quedaron plasmadas agora mesmo na finalización do acceso á autopista pero están pendentes do informe das mesmas. En todo caso, esta moción, xa digo, viría motivada para buscar unha solución ó máis inmediata posible a este problema do entronque da autopista.

Sr. Alcalde: *Ten a palabra.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Moitas grazas. Nós en relación, xa non ó que é á xustificación da urxencia, senón tamén queremos manifestar antes de empezar o debate, que nós queremos presentar outra moción de urxencia tamén en relación con este mesmo tema porque entendemos que non é lóxico nin coherente o que se plantexa na moción do Partido Socialista e, polo tanto, ó ter coñecemento de que se ía presentar unha moción nesa liña, pois o Partido Popular vai a votar outra co ánimo de intentar, neste caso, transaccionar unha moción conxunta e, desde logo, máis axustada ó que nós entendemos que é a realidade dese proxecto e do que necesitan os veciños tanto de Penalobeira como os veciños que utilizan habitualmente ese enlace, a autopista. Polo tanto, nós tamén xustificamos á urxencia da nosa moción e expóñoa aquí por se entendemos que debemos de votar conxuntamente ás dúas. Nós solicitamos presentar esta moción de urxencia tendo en conta a situación actual do tráfico e os problemas que existen realmente nesa zona onde tamén nos consta que hai unha gran inquedaanza veciñal e ademais tendo en conta que se presentaba tamén esta nova moción de urxencia. O texto que nós plantexamos e que nós propoñemos vai un pouco máis axustado á realidade do que é ese proxecto e do que os veciños están demandando na liña de que, desde logo, o Partido Popular entende que debemos de atender esa lexítima demanda tendo en conta a problemática que se lle está a ocasionar ó veciños. E facemos un pouco de historia para poñer en situación tamén en cal é a problemática e ver as posibles vías de solución que temos. Entendemos que este proxecto naceu no ano 2003 cun goberno do Partido Popular e redactouse o proxecto de acceso á autoestrada Santiago-Ourense cun orzamento de 2,7 millóns de euros e un prazo de execución de 12 meses. Estamos a falar que a idea era enlazar o que era a N-640 coa autoestrada Santiago-Ourense que despois continuou a Santiago-Lalín e despois continuou como autovía ata Ourense; e o proxecto inicial contemplaba un novo trazado, o trazado dun novo vial de máis de 4 km. incluíndo os dous puntos de conexión que eran a conexión coa N-640 e a conexión coa autovía AP-53. Ámbalas dúas conexións están condicionadas, estaban naquel momento e seguen estando condicionadas, polas correspondentes autorizacións por parte da Administración titular desas infraestruturas que é o Ministerio de Fomento. Non é certo, polo menos, as palabras que eu escoitei do Subdelegado do Goberno...*

Sr. Alcalde: *Sr. López, se non lle importa votaríamos a urxencia antes para logo profundizar no debate das mocións porque aquí vamos ter que aclarar... O roio ese sóltanolo despois, non hai problema. Vamos a ver...*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Perdóeme vostede, vamos a ver, eu non lle falto ó respecto...*

Sr. Alcalde: *Pero eu tampouco lle falto ó respecto a vostede.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *A mín non me fale con ese ton.*

Sr. Alcalde: *Por favor, o pleno diríxeo o alcalde. Entonces, tranquilo, Vamos a votar a urxencia das mocións e despois continúa vostede ca argumentación.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Os adxectivos sobre as miñas palabras.*

Sr. Alcalde: *Sr. López, retírolle a palabra.*

Ben, hai dúas mocións segundo o Sr. Secretario. Non sei se corresponde votar a urxencia das dúas mocións xuntas ou por separado. Por iso...é o que me parecía a mín. Polo tanto, eu entendo que vamos a ter un problema porque o debate haberá que facelo por separado tamén, probablemente. E a votación por separado tamén.

Nós non temos ningún inconvinte e estamos abertos a incorporar calquera proposta por parte do Partido Popular... entón, se se presentan dúas mocións e se votan por separado vamos a ter un problema á hora de tomar o acordo. Polo tanto, eu case creo que é unha cuestión formal, entonces case diría que votemos a urxencia dunha soa moción e fagamos o debate conxuntamente sen votar a urxencia da outra moción para poder tomar un acordo, se consideramos, de consenso... nun só acordo porque se se aproba unha moción logo vai ser absurdo aprobar outra moción. Nese sentido, eu non sei se o Partido Popular entende que debe ser así ou prefire votar unha moción porque isto é o que eu creo que é previo a isto todo, á intervención. Se son dúas mocións temos que votar unha urxencia, debatela, votala e logo votar outra moción encima da mesa, aprobar a urxencia, debatela e votala. Desde o punto de vista da operatividade do pleno, eu creo que sen furtar ningún debate, nin ningún... me parece que sería máis operativo votar a urxencia dunha moción e logo incluír ás dúas no debate e tentar de chegar a un consenso.

Neste sentido no que eu lle dicía que era mellor expoñer esta moción antes de continuar co debate. Polo tanto, non sei que opinan, paréceme máis razoable...

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *O tema é un tema que supoño que terá que resolver o secretario pero se non se vota a urxencia das dúas mocións, cal é a moción que debatemos? E ademais como garantimos que na nosa moción: unha, se posicionen os demais grupos; e outra, se voten os puntos da moción. Se a votamos individualmente, temos o risco de que se vostedes deciden aprobar os dous puntos da moción súa e nós non teñamos opción a debater, e que vostedes voten os dous puntos da moción nosa que creo que son bastante sensatos. Eu creo que é un tema de trámite se aprobamos a urxencia dunha moción e estamos dispostos incluso a votar por puntos a moción tanto do Partido Socialista como do Partido Popular, a nós válenos perfectamente.*

Sr. Alcalde: *Exactamente, é dicir, a min dáme igual, o que si, se se aproba unha moción a respecto dunha cuestión, ten pouco sentido que logo se trate outra moción sobre a mesma cuestión. Por iso dicía, no sentido de que durante a votación a debate...se expoña por parte do Partido Popular cales son os acordos que propoñen e se poida chegar a unha solución para poder tomar un acordo único. Se facemos dous debates en dúas mocións diferentes, iso vai a ser complicado.*

Sr. Reboredo Baños, concelleiro: *Eu creo que o tema é moi sinxelo, é dicir, co permiso do grupo de goberno... de votar a urxencia das dúas mocións, débátese unha soa e se se chega a acordo...chégase a acordo, e logo se o Partido Popular*

presenta a súa moción, vótase unha urxencia e rexéitase e sae xa rexeitada. Xa non se vota.

Sr. Alcalde: *Perfecto, para non liar máis o asunto. Vamos a votar a urxencia da moción que foi presentada en primeiro lugar. Votos a favor da urxencia...Apróbase por unanimidade. Se chegamos a un acordo de transacción durante o debate desta moción, pois chegamos a un acordo. Senón chegamos a un acordo de transacción durante o debate desta moción, vostede presenta outra moción.*

Sometida a urxencia da moción a votación, apróbase por unanimidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo nos teñen feito chegar os veciños da zona, na parroquia de Agar existe descontento social co xeito en que se executou o enlace entre a N-640 e a estrada que serve como acceso desde o noso termo municipal á autoestrada AP-53 Santiago – Ourense.

A solución técnica dada a ese ramal, cunha gran pendente e un firme bacheado, dificulta que os vehículos de grandes dimensións, como camións e autobuses de transporte escolar, teñan serias dificultades para acceder a el ou para facer un cambio de sentido.

Este é outra das orixes do malestar veciñal. Con motivo da construción dese entronque, anulouse a posibilidade de facer calquera cambio de sentido na Estrada durante un bo número de quilómetros. Ademais, a resultas da obra, os veciños do núcleo poboacional próximo viron anulado o acceso ao mesmo, véndose obrigados a aumentar a distancia percorrida para chegar ás súas casas.

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Pois, como dicía, nós consideramos que o texto resolutivo, estando de acordo en parte o texto resolutivo da moción presentada polo Partido Socialista e sendo conscientes ademais da realidade que teñen que vivir os veciños desa parroquia da Estrada, tamén é conveniente facer unha pequena memoria do que é a situación actual do proxecto e ver un pouco tamén cales son os organismos, as administracións competentes para poder resolver ese problema e para poder dar a solución debida a ese problema. Como dicía antes, o proxecto inicial no ano 2003 licitado e adxudicado polo goberno anterior do Partido Popular contemplaba o trazado dun vial de algo máis de 4 m.. incluíndo dous puntos de conexión necesarios para que ese vial tivese funcionalidade. Os dous puntos de conexión eran a conexión coa N-640 e a conexión coa autoestrada AP-53 que, naquel momento, era Santiago –Lalín e despois se continuou como autovía ata Ourense. Que problema nos atopamos nesa obra? Pois que aínda que sexa unha infraestrutura de competencia autonómica depende directamente das autorizacións do Ministerio para poder dar esas dúas solucións de conexión tanto á autoestrada como á estrada nacional. Hai un dato que se obvia e eu creo que é por propio interese, pero é un dato transcendente e importante e, desde logo, que debe constar tamén na moción. Foi o Ministerio de Fomento, a través da Demarcación de Carreteras do Estado, o que aportou a solución adoptada tanto no entronque da autopista como co entronque na estrada nacional. E ademais, non é que o diga eu, é que a solución adoptada para pinchar sobre unha estrada nacional é adoptada pola Demarcación de Carreteras do Estado e consta informe na Xunta de Galicia e na*

Consellería onde Demarcación de Carreteras informa sobre a solución que se debe adoptar para conectar ese ramal coa N-640. Polo tanto, foi o propio Ministerio, a través da Demarcación de Carreteras, seguindo as directrices marcadas por Fomento o que achegou a solución adoptada para conectar ese vial coa N-640 e que, ademais, esa obra se fixo cando gobernaba o goberno bipartito na Xunta de Galicia, curiosamente. Claro, agora temos unha memoria selectiva e agora pretendemos botar balóns fóra. O que esta claro é que se queremos solucionar o problema podémolo solucionar entre todos pero está claro que esa obra, ese entronque coa N-640, a solución definitiva achegada polo Ministerio foi feita no ano 2006, ano de goberno do PSOE e do BNG na Xunta de Galicia. Polo tanto, supoño que algo terán que ver vostedes e algo terán que falar, o que non poden é lavarse as mans agora e intentar botar balóns fora e responsabilizar ao goberno da Xunta do PP. Tendo en conta eses temas, que eu creo que son importantes, non por menos importantes foron esquecidos na moción que presentan vostedes do que xa dunha forma clara o fixeron. Nós consideramos que o texto se debe reformular e se debe propoñer o seguinte acordo: instar ao Ministerio de Fomento, Demarcación de Carreteras do Estado, a que de acordo co Concello da Estrada e coa Xunta de Galicia, redacte un novo estudio técnico e autorice unha nova solución consensuada para conectar o acceso da AP-53 coa estrada N-640. E o segundo punto, instar á Xunta de Galicia a que unha vez remitido por parte do Ministerio de Fomento a solución adoptada e autorizada para o entronque, mellore as condicións do acceso de xeito que se facilite a circulación e a realización de cambios de sentido de todo tipo de vehículos así como a mellora de accesos aos núcleos afectados co debido consenso cos veciños. Ese é o texto que nós propoñemos. É o trámite normal que debería seguir o expediente no caso de que a Xunta de Galicia iniciase algún tipo de trámite para solucionar o seu problema porque, remato, sen a previa autorización do Ministerio de Fomento titular desa estrada nacional, non se poderá facer absolutamente ningunha modificación. E recordo que, a parte, o famoso e preocupante e que aos veciños lles preocupa, carril de acceso que hai nun dos laterais desa vía, foi condición imposta polo propio Ministerio para dar autorización ao entronque desa vía coa estrada nacional. Polo tanto, eu creo que neste caso hai mostras máis que suficientes de que o Goberno debe de reformular esa moción e presentala co espírito de que saia adiante e, desde logo, sigamos o camiño correcto para unha pronta solución do problema.

Sr. Otero Espiño, concelleiro do PSOE: *Ben, en termos futbolísticos, vostede para o fútbol italiano era marabilloso, nin Cannavaro nin ningún deles, porque vostede achica balóns que é unha marabilla, é dicir, era un tema que non tiñamos pensado debater. Paréceme de lóxica, de xustiza social buscarlle unha solución a ese problema. Vostede agora trasládanos un paquete dunha obra responsabilidade da Xunta de Galicia, dos gobernos autónomos, trasládanos o paquete agora para que nos o resolvamos con Fomento cando é unha obra da Xunta de Galicia. Mire, aquí non se obvia nada. Evidentemente, sabemos perfectamente e, segundo á súa consideración, pode estar axustada a realidade ou non ao proxecto. Sabemos perfectamente que este proxecto foi redactado no ano 2003. Non sei quen gobernaba na Xunta de Galicia naquel momento. Non sei quen era o conselleiro que redactou este proxecto. Non sei quen era, só sei que ese proxecto foi redactado na Xunta de Galicia pola Consellería de Ordenación do Territorio precisamente por algo que se debateu e saíu unha moción por unanimidade neste Pleno pedindo un entronque precisamente entre a N-640 e a AP-53. Unha moción deste Pleno. Vostede era concelleiro naquel momento. Ten que recordalo. E foi unha moción desde aquí. E este grupo puxo o grito encima da mesa neste Pleno, nesta Corporación non, neste mesmo local, dicindo que era a solución menos idónea. E esa foi a única solución achegada e Fomento púxolle todos os atrancos por sentido común porque se ese*

entronque se houbese feito 50 ou 100m. máis abaixo con poucos máis custes, era máis racional. Non, non foi así? Memoria selectiva non. Ás actas me remito. E vostede no 2003 non sei se estaba sentado aquí ou non nese momento. Non podo dicirlle en que datas. Si sei que aquí ese acceso foi demandado reiteradamente desde que se iniciou o proceso da construción da AP-53. A Estrada quedaba totalmente descolgada. E iso sábeo perfectamente vostede e todos os que naquel momento conformaban o goberno municipal. E non deron ningún paso para que A Estrada tivese conexión. E fomos os grupos da oposición os que sistematicamente estivemos para buscar esa solución, que non era a mellor pero era a que había. E cando se redactou o proxecto dixemos que a conexión non tiña pés con cabeza nin sentido común. Porque precisamente deixaba colgado o lugar de Penalobeira e deixaba un negocio tamén illado totalmente do proceso. Por tanto, é un proxecto da Xunta de Galicia, non é un proxecto de Fomento. E a responsabilidade desa obra tena a Xunta. Polo tanto, admitimos a súa proposta cando diga que a Xunta de Galicia redacte un novo proxecto de conexión entre a N-640 e a AP-53. E así si que admitimos como emenda ou como transaccional esta moción nosa. Polo tanto, que cada quen asuma as súas responsabilidades. A conexión á AP-53 e a N-640 é responsabilidade do goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia e a chapuza que fixeron evidentemente deixou o que deixou. E non achique vostede balóns, non me faga do Catenachio a súa forma de oposición. Sexa consecvente co seu papel, e quen lle pase información, que lla pase veraz, que non lle fagan como lle fixeron a algún candidato. Pase vostede polas hemerotecas, pase vostede polo arquivo, e mire como están as actas. Dixemos sempre que esa non era a conexión ideal e foi feita polo Partido Popular. E, claro, 3,7 millóns, 100 metros máis abaixo podía haber costado 4 millóns, 300.000 euros, e era a solución ideal. Está sen facer. Meta vostede na transaccional instar á Xunta de Galicia a que faga un novo proxecto para conectar a N-640 e a AP-53 3 metros máis abaixo. E automaticamente terá capacidade Fomento, desde o momento en que hai 100 metros máis abaixo, dentro do marco legal, para facer outro xiro máis arriba. Entón automaticamente podemos falar de futuro e de proxectos pero de momento cumpra cas responsabilidades que lle corresponden a vostede na Administración que nestes momentos está na Xunta. E aceptámola. E senón continuamos coa nosa.

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Imos a ver, Sr. Espiño, vostede desde logo fala de todo menos do que realmente dixen eu. Vamos a ver, claro, é que vostede é un mestre, un mestre aparte de mestre de profesión, é un mestre no engano. Vamos a ver, vostede está falando de temas que eu.*

Sr. Otero Espiño, concelleiro do PSOE: *Estame chamando mentireiro?*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Non, estoulle dicindo que é un mestre do engano, do engano total e absoluto. Claro, esa é a realidade.*

Sr. Otero Espiño, concelleiro do PSOE: *Estame chamando mentireiro?*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Vostede dígame cando se fixo o último tramo de enlace coa entronque da N-640.*

Sr. Otero Espiño, concelleiro do PSOE: *Digo cando se proxectou e aprobou.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Non, dígame vostede se executou esa obra. Dígame cando se fixo. Cando chegou a autorización do Ministerio de Fomento para facer o entronque coa N-640?. Dígame vostede, faga o favor. E senón díggollo eu.*

Sr. Otero Espiño, concelleiro do PSOE: Dígollo. Foi unha transación entre administracións.

Sr. López Campos, concelleiro do PP: Dígollo eu. Dígame cando se fixo.

Sr. Alcalde: Ben, perdóeme pero espero que non se faga aquí un diálogo. Estamos nun Pleno, hai que manter as formas mínimas. Por tanto, ten vostede a palabra.

Sr. López Campos, concelleiro do PP: O que non se pode. Que non falte á verdade.

Sr. Alcalde: As preguntas que faga contestarémolas ao final.

Sr. López Campos, concelleiro do PP: A obra é certo que estaba adxudicada no ano 2003. Tiña un problema porque o Ministerio de Fomento non autorizou a conexión co entronque. Esa conexión autorizouse no ano 2006, cando o bipartito gobernaba na Xunta de Galicia, Sr. Espiño. E vostedes no bipartito foron cómplices desa solución do Ministerio. Porque se non hai proxecto, se non hai autorización do Ministerio, non hai conexión coa nacional, Sr. Espiño, ou como conecta vostede cunha estrada que non é titularidade da Xunta de Galicia?. A través dunha autorización do Ministerio. Polo tanto, que veña aquí o Subdelegado do Goberno a dicir que o Ministerio non ten absolutamente nada que ver neste tema é radicalmente falso. Que é o que propoñemos nós?. Nós propoñemos unha solución máis sensata. Se lle importa, explícolla, e se non lle importa, dá igual, siga falando vostede e non lla explico.

Cal é a solución que propón o Partido Popular? Pois propoñemos que visto a problemática existente, pero non só no entronque coa N-640, porque, claro, vostedes tamén se esquecen da outra parte, que pasa co entronque ca autoestrada AP-53? Exactamente máis do mesmo. O Ministerio lávase as mans, queda de facer unha saída específica para o entronque do vial coa Estrada, esquecese e non a autoriza e a obra queda paralizada durante catro anos de goberno bipartito. Catro anos. Obra paralizada e A Estrada sen enlace. É certo que pode non ser o mellor. O que é certo é que o Partido Popular vai a facer esa obra e vostedes estiveron catro anos e non foron capaces de facela. Esa é a realidade, esa é a diferenza. Será mellorable ou non pero está claro que as obras son criticables ou non cando se fan, cando non, está claro que non teñen a lexitimidade para facelo. Polo tanto, nós o que propoñemos é un tema de sensatez. Quen é que pon os problemas?. Demarcación de Carreteras, Ministerio de Fomento. Instemos ao Ministerio de Fomento a que consensuadamente e coa opinión dos veciños se adopte unha solución de consenso e a partires de aí que a Xunta de Galicia redacte un novo estudo técnico para adoptar unha solución acorde coas directrices marcadas por Fomento. Porque senón, atoparemos outra vez cunha licitación dunha asistencia técnica que fará unha modificación, que chegará a Fomento, que se bloqueará alí, e dende logo non haberá solución, polo tanto será mellor consensuar con Fomento antes, mirar que posibles solucións achega o Ministerio de Fomento, e a partires de aí instar á Xunta de Galicia a que licite o estudo técnico e faga o que teña que facer. Esa é a forma de funcionar e eu creo que é a proposta bastante sensata. Todo o resto, o que conta vostedes Sr. Espiño, a min paréceme moi ben os acordos, o Pleno e que a oposición naquel momento parece ser que agora a oposición non vale para nada, pero que naquel momento a oposición era capaz de executar obras. O que cambiaron as cousas, seguramente era porque antes había un goberno que era transixente e agora hai un goberno que é ditatorial, esa é a diferenza, e aceptaba as propostas que viñan da oposición. O que está claro é que vostedes, e eu asegúrolla ademais, que

coa iniciativa que presentan vostedes non se atopará ningunha solución, iso seguro, é facer as cousas ao revés, e dende logo, o resultado desa moción está cantado, non vai valer absolutamente para nada, e nós o que propoñemos é que se siga o conduto regulamentario para facer as cousas como se deben facer, paso a paso, intentar poñer pedra a pedra no camiño, para ao final, buscar unha solución conxunta para todos. Se son vostedes capaces por primeira vez de consensuar algo coa oposición, sería extraordinario e senón dende logo, nós non podemos participar neste paripé, que ademais son vostedes actores principais del, polo tanto nós mantemos tamén a nosa moción, e se non hai acordo pedimos que se vote.

Sr. Reboredo Baños: Ben, boa tarde, a nós parécenos que estamos buscando un conflito en algo que parece razoable. Todos somos conscientes que hai un problema nese entronque, e todos somos conscientes de que hai dúas administracións que son as afectadas, unha máis directamente e a outra menos directamente, pero as dúas relacionadas nun proxecto alternativo, entón non entendemos neste caso a cerrazón do grupo de goberno en non admitir o que acaba de plantexar o Grupo Popular, neste caso que haxa un acordo que se negocie entre as tres administracións implicadas, unha alternativa, e logo que a Xunta de Galicia redacte o proxecto e execute a obra. Eu creo que é o que eu entendo dese debate. Nós se hai ese acordo de dirixirse ás dúas administracións neses termos, votariamos a favor, e senón a ver se eu entendín mal. Estamos na mesma liña ou.

Sr. Espiño, do PSdeG – PSOE: É un tema no que eu coincido plenamente co Sr. Reboredo, eu non vía ningún conflito nesta situación, todos sabemos cal é o problema destes entronques, agora que mesturar churras con merinas, tamén é certo, o tema do entronque non corresponde a este Concello, é un conflito de Silleda e dende o propio inicio do proxecto, e dende a propia levantamento de actas da ocupación. Cando lle dicía da técnica dos italianos que marcan un gol, pinchan a pelota e agáchana debaixo da camiseta, e entón vostede, as criaturas mal enxendradas, mal nacen, e esta foi unha criatura mal enxendrada, que agardemos que se arranxe a partires dun determinado momento, atención precoz, escolarización, e unidades de psicomotricidade e demais que termine chegando ao punto que ten que chegar. Evidentemente, vostede xa está condicionando estes puntos, que son xenéricos, melloras no entronque e realización dun novo acceso. Vostede xa está postulando a súa postura, ou saímos de aquí consensuados ou senón automaticamente vouna trinchar. Mire unha cuestión, o Ministerio ten que actuar.

Sr. Alcalde: Sr. López Campos, por favor, manteña a cordura un momentíño.

Sr Espiño: O Ministerio ten que actuar en función da lexislación que marca nas infraestruturas estatais e o que fixo foi unha transacción precisamente para sacar dese “in-pass” de paralización na que estaba a obra do entronque. E non vamos discrepar máis a este respecto e non hai alusións de ningún tipo se somos capaces de consensuar unha postura, creo que é o máis lóxico e coherente que si os cidadáns e os veciños o entenderían e senón, pois, evidentemente, nós vamos a continuar con esta proposta de mellorar o entronque e iso é xenérico, non vamos ser nós quen redacte o proxecto, terá que redactalo o órgano competente na súa redacción e na súa execución e logo as autorizacións que correspondan xa se xestionaran tamén e se se quere, desde aquí, como dicía o Sr. Reboredo, saír cunha postura consensuada e competente, poñer de acordo as distintas administracións, nós somos a parte máis activa e máis inmediata para os cidadáns para buscar esa solución eficaz para a conexión entre os dous viais aceptados por Fomento pero executados e

responsabilidade de redacción da propia Xunta e nós darlle resposta aos veciños da Estrada, que é o que temos que facer. Se queremos, queremos.

Sr. Alcalde: *Ben, nós entón. Rematado o debate podemos facer a seguinte proposta: Eu creo que podemos, evidentemente, nós consideramos que o proxecto é un proxecto da Xunta de Galicia e que, por tanto, quen ten que facer o proxecto do entronque é a Xunta de Galicia, iso é evidente. Que se negocie con Fomento a redacción dese proxecto que para nós o fundamental que ten que conter ese proxecto é que se lle dea acceso tanto ao negocio que existe como ao lugar de Penalobeira, non temos ningún inconveniente sempre e cando no acordo sexa un acordo de solucións. Nós non temos ningún inconveniente en que aquí non se mencione a Fomento, para nada. Agora entendemos que dentro da relación entre administracións pois as cousas son como son: hai unha administración que fai un proxecto e que solicita un permiso a outra administración para facer ese entronque. Polo tanto, con engadirle, exactamente, como é o punto número un?*

Sr. López Campos, concelleiro do PP:

Sr. Alcalde: *Non, con iso non estamos de acordo. A Fomento non hai que instalo a nada, é dicir, Fomento neste tema, a única responsabilidade de Fomento é dar autorización para facer o entronque*

Sr. López Campos, concelleiro do PP:

Sr. Alcalde: *Nós non utilizamos aquí a palabra instar para nada. Eu creo que non se insta a ninguén aquí. Nós estamos facendo unha proposta para solucionar un problema.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP:

Sr. Alcalde: *Non, vamos a ver, aquí o que se expón é que aquí parece que é Fomento o que está poñendo o problema nese tema e Fomento non ten nada que ver con isto. E máis, Fomento, deu unha autorización cunha serie de condicionantes pero fíxolle saber á Xunta de Galicia que ese non é un entronque ben feito e díxolle incluso cal podía ser a solución, que era un dobre carril e que a Xunta expropiase terreo para darlle aparcamento ao bar. Entón, eu teño información do que pasou con ese tema, directa, da persoa que informou iso. Entón, eu o que digo é: que o que se pode dicir aquí é que a Xunta de Galicia consensúe co Ministerio de Fomento cal é a mellor solución para darlle resposta ao que nós estamos pedindo aquí, iso si, agora todo o demais é o que hai, é dicir, aquí hai unha obra responsabilidade da Xunta de Galicia, e Fomento aquí é un mero espectador no tema e o único que ten que facer Fomento é cando se lle expoña a solución darlle autorización ou non. Que a Xunta de Galicia quere consensuar con Fomento ese tema, pois paréceme ben, que non, pois será cuestión xa que ten que valorar xa a Consellería correspondente da Xunta de Galicia que é a que ten que executar en definitiva a solución no entronque. Fomento o que vai facer, en calquera caso, é dar a súa autorización que antes de presentar o proxecto o consensuen a nós danos igual. Polo tanto, admitimos que se inclúa aquí que entre a Consellería e o Ministerio de Fomento se consensúe a solución antes de que se presente o proxecto, a nós nese tema non temos ningún inconveniente, é dicir, antes de poñer a mellora nas condicións, pódese engadir que consideramos que debería de buscarse unha solución consensuada entre a Consellería de Ordenación do territorio e o Ministerio de Fomento para que haxa unha solución que dea definitivamente por concluído este problema.*

A autorización é cuestión dos técnicos que non é cuestión do ministro. Son os técnicos os que van informar en definitiva dese tema.

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Pero imos ver, eu entendo perfectamente, ao mellor, temos medo a instar a fomento? eu creo que non debe haber medo a instar a Fomento. Fomento é un organismo e é o que di vostede, é un mero espectador que leva condicionado ou que vai a condicionar calquera tipo de proxecto que se queira facer. O que está claro é unha cousa: non é un espectador pasivo, é un espectador activo e temos outro problema e é que xa vemos como as gasta co enlace da autoestrada e co enlace da nacional.*

Sr. Alcalde: *Ben, Sr. López, rematouse o debate desta moción. Se vostede admite o que lle acabo de propoñer incluímolos e votamos e senón imos a votar esta moción.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Eu vou facer unha última consideración.*

Sr. Alcalde: *Quere facer algunha outra proposta? O debate rematouse.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Que lle chegue unha notificación deste Pleno, unánime, ao Ministerio de Demarcación de Carreteras para instalos a negociar coa Xunta de Galicia é un dato importante. Ao mellor ten tanto sentido como o resto da moción. Pois entón o resto da moción carece do mesmo sentido. Porque instar á Xunta de Galicia, si, e instar a Fomento ou a Demarcación de carreteras, non? Porque? Porque non ten sentido? Porque cando lle chegue unha notificación da Corporación Municipal vai a saber que o pleno de forma unánime está reclamando a Fomento que se sente coa Xunta de Galicia a negociar e co concello unha solución óptima para poder facer o estudio.*

Sr. Alcalde: *Sr. López, está clara a súa postura e está clara a nosa postura. Se quere que aquí este acordo sexa remitido ao Ministerio de Fomento coa recomendación de que negocie un acordo coa Xunta de Galicia, con respecto á solución do problema, non ao entronque, senón á solución do problema, nós non temos inconveniente. A partir de aí está todo falado. Se vostede non acepta isto que lle acabo de dicir eu, pois votamos esta moción e logo votamos a seguinte.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Quero saber cal é o texto definitivo.*

Sr. Alcalde: *O texto definitivo é que ademais de todo isto se lle remite ao Ministerio de Fomento o acordo que aquí se adopta para que consensúe coa Xunta de Galicia a mellor solución técnica a este problema. O acordo queda gravado e, polo tanto, sabemos cal é. Esa é a miña proposta e iso é o que nós imos defender. Nós non sentido de que non ten moito sentido politizar o acordo. Nós queremos buscar unha solución sen ningún tipo de polémica nin de politización. Entón, é suficiente con comunicarlle ao Ministerio de Fomento a vontade deste pleno de que consensue ca Xunta de Galicia cal é a mellor solución e resposta a estas cuestións que nós plantexamos aquí. Se vostedes están de acordo con isto engadímolo e senón continuamos.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Eu, ante ese tema, teño un problema, o noso grupo ten un problema e é que a Xunta de Galicia non vai licitar unha consultoría técnica para facer un novo estudio do enlace do entronque e despois consultar co Ministerio de Fomento, ese é o problema. O problema é que a consulta é necesario instar ás partes a que se xunten para buscar unha solución porque se ao final a*

Xunta de Galicia saca un concurso e aporta unha solución non válida para o Ministerio, estamos na mesma.

Sr. Alcalde: *Acabouse, Sr. López, acabouse o debate. Imos a pasar á votación da moción que presenta o Partido Socialista.*

Votos á favor da moción tal e como a presenta o Partido Socialista.

Votos en contra.

Apróbase por unanimidade.

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Non, por maioría...*

Sr. Alcalde: *Por maioría absoluta. Quere presentar vostede a súa moción? Adiante.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Si, si, claro.*

Sometido o contido da moción a votación, resultan doce votos a favor (PSdeG – PSOE e BNG) e nove abstencións (PP e concelleiros non adscritos), polo que é aprobada por maioría, polo que o Pleno adopta o seguinte

ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia a realizar un estudo técnico do entronque da estrada de acceso á AP-53 desde a N-640, na parroquia de Agar, no termo municipal da Estrada, que contemple:

- A mellora nas condicións da rotonda de acceso, de xeito que se facilite a circulación e a realización de cambios de sentido nela a todo tipo de vehículos.
- A realización dun novo acceso ao núcleo poboacional inmediato, tal e como demandan os veciños.

2ª.- O Concelleiro do PP, Sr. López Campos, solicita a inclusión do seguinte asunto: Moción relativa aos accesos á AP-53 dende a N-640 (Agar).

O Grupo Municipal do Partido Popular da Estrada, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, presenta, para o seu debate en Pleno esta moción de urxencia.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Vén motivada pola actual situación do tráfico rodado na estrada N-640 de titularidade do Ministerio de Fomento á altura da Parroquia de Agar, así como a presentación por trámite de urxencia da moción do Grupo Municipal do Partido Socialista da Estrada en relación a esta infraestrutura.

Sometida a urxencia a votación, é aprobada por unanimidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2003, o anterior goberno do Partido Popular, redactou un proxecto de novo acceso á autoestrada Santiago-Ourense no Concello da Estrada, cuxa obra deu comezo en novembro dese mesmo ano, cun prazo de execución de 12 meses.

Esta actuación tiña por obxecto conectar a vila da Estrada á autoestrada Santiago-Alto de Santo Domingo (AP-53) dende a N-640 a través da PO-505 Orosa (N-640)-Orazo (AP-53), ata o enlace da parroquia de Lamela en Silleda.

O proxecto contemplaba o novo trazado dun vial de algo máis de 4 Kms., incluíndo unha conexión coa N-640 no seu inicio e outra conexión coa Autoestrada AP-53 no seu final. As dúas conexións estaban condicionadas polas correspondentes autorizacións por parte da administración titular das infraestruturas, que é o Ministerio de Fomento.

Foi o Ministerio de Fomento, a través da Demarcación de Carreteras do Estado, o que achegou a solución adoptada para conectar este novo acceso á estrada N-640, e foi a Xunta de Galicia, a que, seguindo esas directrices marcadas por Fomento, executou a obra. Cómpre destacar tamén que, o entronque da estrada de acceso á AP-53, foi autorizado polo Ministerio de Fomento no ano 2006 e executado polo anterior goberno bipartito.

Tendo en conta o exposto con anterioridade, o Grupo Municipal do Partido Popular somete esta moción de urxencia ao Pleno para que adopte o seguinte acordo:

1. Instar ao Ministerio de Fomento, Demarcación de Carreteras do Estado, a que, de acordo co Concello da Estrada e a Xunta de Galicia, autorice unha nova solución consensuada para conectar o acceso da AP-53 coa estrada N-640.
2. Instar á Xunta de Galicia a que, unha vez remitido por parte do - Ministerio de Fomento a solución adoptada e autorizada para o entronque, mellore as condicións do acceso de xeito que se facilite a circulación e a realización de cambios de sentido a todo tipo de vehículos, así como a mellora de acceso aos núcleos afectados, co debido consenso cos veciños.

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Eu vou ler só os acordos, ademais o texto xa está analizado, entón o noso acordo é instar ao Ministerio de Fomento, Demarcación de Carreteras do Estado, a que de acordo co Concello da Estrada e a Xunta de Galicia autorice unha nova solución consensuada para conectar o acceso*

da AP-53 coa N-640. Unha vez que estea esa autorización resolta, instar á Xunta de Galicia a que unha vez remitido por parte de Fomento o consenso sobre a solución adoptada e autorizada para o entronque, mellore as condicións do acceso de xeito que se facilite a circulación coa realización de cambios de sentido a todo tipo de vehículos así como a mellora de accesos a núcleos afectados co debido consenso cos veciños.

Sometida a votación o contido da moción, prodúcense nove votos a favor (PP e concelleiros non adscritos) e doce en contra (PSdeG – PSOE e BNG), polo que foi rexeitada.

3ª.- O Concelleiro do PSdeG – PSOE, Sr. Otero Espiño, solicita a inclusión do seguinte asunto: Moción relativa ao mantemento das estradas O Sol – Pardemarín e Olives – Sequeros.

O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación Municipal, esta moción con carácter de urxencia, en base á seguinte

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A necesidade de lograr un acordo da Corporación municipal, pola execución nestas datas dos traballos referidos, e de transmitilo á maior brevidade posible, de xeito que se poida dar cumprimento ás demandas veciñais.

Sr. Espiño, concelleiro do PSOE: *Ben, hai unha segunda moción relativa a actuacións da Deputación en torno á EP-7006 Sol-Pardemarín, onde en días pasados estiveron acometendo a limpeza de foxos e demais no lugar de Sequeiros, na parroquia de Lamas, e que parece ser que se circunscribe exclusivamente a este ámbito, segundo informacións dos traballadores que estiveron nese ámbito que soamente se cinguiría a ese espazo. Por parte dos veciños dese entorno, cerca de 200 sinaturas avaladas co seu correspondente DNI fannos chegar a súa demanda para que estas actuacións se circunscriban a todo o ámbito desta estrada e, por tanto, propoñemos como acordo solicitar á Exma. Deputación de Pontevedra a que proceda ao mantemento das estradas EP-7006 Sol-Pardemarín e EP-7024 Olives-Sequeros nas parroquias de Pardemarín e Olives do Concello da Estrada, retirando a maleza da beira das vías e mellorando a capa de rodadura existente.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *En relación a este tema, desde logo podíamos encher de mocións o pleno para que o Concello tamén acometera a limpeza dos foxos de todas as pistas de titularidade municipal e poderíamos traer 50 mocións diarias ao Pleno da corporación municipal. Está claro que se as traemos nós, o goberno non nolas vai aceptar, se as trae o goberno da oposición normalmente si as acepte. Polo tanto, nós tamén temos queixas de veciños, non só as teñen vostedes, seguramente máis queixas do goberno das que teñen vostedes da oposición, seguramente máis. Entón, esta actuación ten unha xustificación e supoño que a saberán e senón pois explicámoslla nós desde a oposición. Supoño que deberían de estar enterados, pero esta actuación correspóndese coa 1ª fase do acondicionamento e asfaltado dese tramo que está nun estado bastante deteriorado no firme e a Deputación de Pontevedra adxudicou no mes de decembro unha partida de case 90.000 euros para o asfaltado completo nunha 1ª fase dese tramo que é o máis*

deteriorado. Polo tanto, o que se fixo non foi unha limpeza de foxos, senón que foi un adecentamento do que foi a pista para proceder posteriormente nas próximas semanas a botar unha capa de rodadura enteira ata esa pista onde se fixo limpeza de foxos. Creo que é bastante xustificable o tema. Desde logo, pola nosa parte non temos ningún problema en instar á Deputación a que limpe os foxos, non nestas dúas estradas, senón e todas as estradas titularidade da Deputación, pero podemos facer tamén un rogo e é que ese mesmo acordo se cinga tamén ás estradas de titularidade municipal e pareceríame interesante tamén que o goberno municipal acometa a limpeza de tódalas pistas, os foxos do ámbito municipal da Estrada de titularidade municipal. E nesa liña, desde logo, estamos a favor.

Sr. Alcalde: *Perfecto. Imos votar primeiro a urxencia que está sen votar aínda.*

Sometida a urxencia a votación, é aprobada por unanimidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo nos teñen feito chegar os veciños da zona, a Deputación de Pontevedra está a realizar tarefas de mantemento no lugar de Sequeiros, na parroquia de Lamas. Os traballos consisten na apertura e acondicionamento de foxo nas marxes das mencionadas vías provinciais.

Conforme á información transmitida polos veciños, esta actuación está limitada ao mencionado lugar. Sen embargo, existe a demanda social de que se realicen traballos de mantemento das estradas provinciais nas parroquias de Pardemarín e de Olives, nas que a maleza está invadindo a calzada de varias estradas moi transitadas polos veciños, co conseguinte risco para a seguridade viaria. Ademais, estes mesmos veciños fan constar o evidente deterioro do firme das mesmas.

Sr. Alcalde: *Algunha intervención? Non. Ben, nós sinxelamente damos traslado á solicitude que se nos fai por parte dos veciños. Parécenos razoable o que piden, non hai máis nada que iso. Como se deu a coincidencia de que chegaron hoxe a mediodía estas sinaturas, pois fixemos a moción hoxe a mediodía, máis que nada para iso, para darlle traslado á petición dos veciños, non temos ningunha outra intención.*

Sometido o contido da moción a votación, é aprobada por unanimidade, polo que o Pleno adopta o seguinte

ACORDO:

Solicitar á Excm. Deputación de Pontevedra que proceda ao mantemento das estradas EP 7006 Sol-Pardemarín e EP 7024 Olives – Sequeiros, nas parroquias de Pardemarín e de Olives do Concello da Estrada, retirando a maleza da beira das vías e mellorando a capa de rodadura existente.

3º.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ACADADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 22-03-10, RELATIVO A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE BENESTAR, AO ABEIRO DA ORDE DO 19-02-10

Dáse conta ao Concello Pleno do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 22.03.10, que deseguido se transcribe de xeito literal:

9º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE BENESTAR SOCIAL RELATIVA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE BENESTAR, AO ABEIRO DA ORDE DO 19-02-10. Vista a proposta asinada pola Concelleira Delegada de Benestar Social, de solicitude de subvención á Secretaría Xeral de Benestar, ao abeiro da Orde do 19-02-10.

Vista a Orde de 19 de febreiro de 2010 ditada pola Secretaría Xeral de Benestar Social publicada no DOG nº 40 de 01-03-10, pola que se regulan as subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais.

Visto o informe emitido o 16-03-10 pola responsable técnica do Departamento de Servizos Sociais.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes Acordos:

1º.- Solicitar á Secretaría Xeral de Benestar subvención con destino ao cofinanciamento das prestacións básicas de servizos sociais neste Concello para o ano 2010, ao abeiro da Orde do 19-02-10, nos seguintes termos:

a)

-RETRIBUCIÓN DO PERSOAL ADSCRITO AOS SERVIZOS SOCIAIS:

▪ 4 Traballadores Sociais	63.210,92 €
▪ 1 Director/a coordinador/a	15.802,73 €
▪ 2 Técnicos de Grado Medio	30.113,04 €
▪ 2 Auxiliares Admitivos	25.323,30 €
▪ 1 técnico en Cooperación Social	12.661,65 €

MANTEMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS 1.500,00 €

AXUDA NO FOGAR

▪ Prestación básica	150.000,00 €
▪ SAAD	316.072,32 €

REALIZACIÓN DE PROGRAMAS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS 165.300,00€

INVESTIMENTO DE CAPITAL

▪ Adquisición de equipamento non mobiliario (programa informático)	17.060,00 €
--	-------------

Facendo constar que os Servizos Sociais Comunitarios séguense a prestar nas mesmas condicións que o ano anterior.

b) O Concello comprométese a consignar no seu orzamento as contías correspondentes á súa achega, da seguinte maneira:

▪ PERSOAL:	105.495,16 €
▪ MANTEMENTO.....	17.028,00 €
▪ AXUDA NO FOGAR.....	144.017,00 €
▪ REALIZACIÓN DE PROGRAMAS.....	170.588,87 €
▪ INVESTIMENTO.....	1.500,00 €

c) En consecuencia, O ORZAMENTO TOTAL por programas e investimento para Servizos Sociais Comunitarios é o seguinte:

1. PERSOAL.	
- ACHEGA DA C. AUTÓNOMA.....	147.111,64 €
- ACHEGA DA C. LOCAL.....	105.495,16 €
- REMANENTE.....	0,00 €
- TOTAL PARCIAL.....	252.606,80 €

2. MANTEMENTO.	
- ACHEGA DA C. AUTÓNOMA.....	1.500,00 €
- ACHEGA DA C. LOCAL.....	17.028,00 €
- REMANENTE.....	0,00 €
- TOTAL PARCIAL.....	18.528,00 €
3. AXUDA NO FOGAR.	
- ACHEGA DA C. AUTÓNOMA.....	466.072,32 €
- ACHEGA DA C. LOCAL.....	144.017,00 €
- REMANENTE.....	51.919,68 €
- TOTAL PARCIAL.....	662.009,00 €
4. REALIZACIÓN DE PROGRAMAS.	
- ACHEGA DA C. AUTÓNOMA.....	165.300,00 €
- ACHEGA DA C. LOCAL.....	170.588,87 €
- REMANENTE.....	11.611,13 €
- TOTAL PARCIAL.....	347.500,00 €
5. INVESTIMENTO	
- ACHEGA DA C. AUTÓNOMA.....	797.043,96 €
- ACHEGA DA C. LOCAL.....	438.629,03 €
- REMANENTE.....	63.530,81 €
- TOTAL PARCIAL.....	1.299.203,80 €

2º.- *Dar conta ao Pleno do contido deste acordo, e se remita a correspondente certificación conforme ao establecido no artigo 11.1.1.a) da Orde do 19 de febreiro de 2010.*

O Pleno queda sabedor.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE FEBREIRO DE 2010. Polo Alcalde-Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 50 e 120 correspondentes ao días do 1 ao 26 do mes de febreiro de 2010

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Como dixen fai un momento, nós tamén temos moitas queixas do goberno e, polo tanto, expoñeremos algunhas delas e irémolas dando por capítulos porque senón monopolizamos demasiado o debate no pleno posto que o Goberno pouco ten que incorporar no que é a orde do día e, como mostra, o pleno de hoxe, que o único punto na orde do día e unha proposta do Partido Popular. Iso deixa ás claras cal é a xestión e a capacidade deste Goberno. Pero non só se cingue a iso, a súa incapacidade tamén se cingue a outras áreas pois trasládannos os veciños as súas queixas e as súas preocupacións e unha delas, que ademais é a máis recorrente e a que máis queixas está a suscitar ultimamente entre os veciños da Estrada, é a caótica situación do tráfico. Ademais, aproveitando que nos pasados días vimos de coñecer o balance que outros concellos do entorno facían das actividade relativa ás áreas de seguridade cidadá e policía local, nós entendemos que un dos principais dereitos e obrigas da Administración é garantir a seguridade como fundamento de calidade de vida dos nosos veciños, así como garantir os seus dereitos e a conciliación de intereses entre veciños, condutores e peóns. Ocorre que no caso do concello existe unha incomprendible deixadez de funcións por parte do responsable último da Policía Local que é o Sr. Alcalde e que leva a que tódolos días nos atopemos situacións que agravan sensiblemente o deterioro da calidade de vida dos nosos veciños e veciñas por mor da caótica situación do tráfico: vehículos mal estacionados, en dobre fila, ou en “tripla” fila, vaos permanentes ocupados, pasos de peóns ocupados, zonas de minusválidos*

ocupadas, estacionamentos encima das beirarrúas, e un largo etcétera que perxudica gravemente a mobilidade dos peóns e dos vehículos que circulan polas rúas do noso concello. Ante esa preocupante situación, quixéramos trasladar ou quixéramos obter, resposta ás seguintes preguntas: Está vostede, Sr. Alcalde, satisfeito coa súa xestión en relación ao tráfico na Estrada? Considera que están debidamente salvagardados os dereitos dos veciños e veciñas da Estrada no tocante á súa mobilidade?

Sr. Alcalde: *Contestarémoslle por escrito.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Cal é o balance que fai vostede das reiteradas queixas formuladas polos veciños en relación ós problemas e ao caos circulatorio no concello?*

Sr. Alcalde: *Contestarémoslle por escrito.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Que medidas ten pensado poñer en marcha para solucionar a caótica situación en materia de tráfico urbano?*

Sr. Alcalde: *Contestarémoslle por escrito.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Vexo que ten claro cal é o seu programa de goberno. Coma sempre, son preguntas complicadas para resolver ou é, desde logo, a característica súa nestas sesións de plenos. Pero seguiremos facéndolle preguntas, nós non nos cansaremos, non se preocupe.*

Sr. Alcalde: *Máis que complexas, son impertinentes e improcedentes e non tratan de resolver nada máis que buscar un debate baleiro. Cando vostede queira facer unha proposta en torno ao tráfico, contestarémoslle e cando queira facer algunha pregunta que realmente vaia a resolver algún problema, si, cando veña aquí con preguntas retóricas que o único que buscan son titulares de prensa... non vai ter moitas máis respostas miñas que as que lle vou a dar por escrito como me ampara a lei para facelo así. Polo tanto, rógoche que continúe, non faga xuízos de valor.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Como comprenderá é difícil facer preguntas que dean respostas ou dean solucións. É complexo. Ó mellor vostede ten a variña máxica para facelo. Desde logo, cando un pregunta, é difícil dar solucións nunha pregunta, é complexo, agora ó mellor vostede con esa característica de xestión que ten vostede é capaz de facelo. Eu de momento non son capaz de chegar a iso. De momento as preguntas son para fiscalizar ao goberno que é a función da oposición. Se a vostede lle parece iso unha tontería ou os cualificativos que pon vostede a miúdo sobre as intervencións do grupo da intervención está deixando ben ás claras cal é o seu carácter, o seu talante, pouco democrático, por certo. Seguimos, ¿cal é o seu balance da actividade relativa ás áreas de seguridade cidadá e de Policía Local na Estrada?*

Sr. Alcalde: *Ben, xa, para non insistir constantemente contéstollas todas por escrito. Fágaas todas xuntas e xa llas contesto por escrito.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Iso paréceme unha actitude perfecta de “choteo” e de pouco nivel político que ten vostede e que está demostrando cada día.*

Sr. Alcalde: *Logo di vostede que o insultan e vostede está permanentemente facendo descualificacións. Sr. López, está permanentemente facendo descualificacións.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Mire a acta do pleno e mire quen descualifica a quen.*

Sr. Alcalde: *Ben, ben.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Se vostede fala de tonterías.*

Sr. Alcalde: *Faga as preguntas que considere oportunas.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *E contestarame?*

Sr. Alcalde: *Exactamente.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Cantas infraccións foron comunicadas polos axentes da Policía Local e cantas foron xestionadas polo servizo de recadación correspondente?. Si, si, teño máis. Que é o que está a facer mal este goberno para que a situación empeorara tanto en materia de tráfico en tan pouco tempo?*

Moi ben, pois espero, de verdade, con impaciencia esas respostas porque aquí creo eu que, ademais, é un tema bastante delicado. Gustaríame ademais xa aproveitando para facer un rogo que na resposta por escrito me cuantifique a resposta á seguinte pregunta: Cantas infraccións foron comunicadas polos axentes da Policía Local e cantas foron xestionadas polo servizo de recadación correspondente? Esa pregunta gustaríame tela cuantificada por escrito.

Noutro tema, e no que respecta ao proxecto incluído no plan FEIL das beirarrúas de Ouzande, eu creo que é interesante que afondemos en determinados aspectos que nos parecen de relevancia e de importancia para saber o papel que están a xogar as distintas Administracións que teñen competencia na execución desta obra. Sabemos que o Concello solicitou unha prórroga desta obra e o prazo máximo fixado polo Ministerio para a súa finalización é o 30 de xuño deste ano. Sabemos tamén que a Deputación de Pontevedra, como administración titular da estrada, solicitou ao concello a modificación do proxecto orixinal xa que non se axustaba ás directrices marcadas polo ente provincial en canto ó ancho de calzada, zonas de aparcadoiros e ancho de beirarrúas. O proxecto orixinal contemplaba unha calzada. O proxecto orixinal enviado polo goberno municipal contemplaba unha calzada de tan só 5m. sen zona de aparcadoiros e con beirarrúas de 1,20m. A Deputación solicitou a modificación para que se garanta naquelas zonas que non están ocupadas por edificacións, un ancho total de 12,60m. no que se incluía a calzada de 7m., zona de aparcadoiros de 2m. e beirarrúas de 1,8 m. a ambos lados da calzada. Entendemos que esta importante mellora ten unha clara xustificación tanto polo tránsito diario desta estrada como pola seguridade vial, así como pola necesidade de aparcadoiros acreditada polo elevado número de vehículos estacionados. Tendo en conta estes aspectos, cómpre analizar o papel desempeñado polo Concello e por vostede, Sr. Alcalde. Presentou vostede un proxecto chapuza para a súa autorización por parte da Deputación. Este organismo parálzalle as obras porque non están cumprindo coas directrices marcadas polos técnicos da Deputación. Permítese vostede o indecente luxo de reunirse cos veciños e culpar ao Partido Popular e a min, persoalmente, da paralización das obras, cando sabe vostede que o único responsable é o Alcalde da Estrada mesmo e a súa incompetencia. E por se non fose pouco, no transcurso deste expediente, observamos diversas irregularidades polo que lle queremos facer as seguintes preguntas: Que prazo ten vostede estimado para a finalización das obras?

Sr. Alcalde: *O prazo é o 30 de xuño, como xa sabe vostede.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *En que situación se atopan actualmente as obras das beirarrúas de Ouzande?*

Sr. Alcalde: *Ben, pois iso é cuestión dos técnicos,. Eu non son director de obra e eu só agardo a que cheguen as certificacións dentro do prazo que marcou o Ministerio para liquidar esa obra, sen máis.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Home, vostede como alcalde supoño que terá control sobre todas as obras que se están executando na Estrada, ou son os técnicos os que o fan.*

Sr. Alcalde: *Evidentemente. Que quere? Que lle explique eu o bordillo do lado de non sei que... Paréceme absurdo, é dicir, tal como están as obras xa vostede o ve e ten un prazo de execución que remata o 30 de xuño, polo tanto, eu o que fago é ver cando traen as certificacións e se o que se está certificando está feito ou non, sen máis.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Existe na actualidade proxecto modificado das beirarrúas de Ouzande segundo os criterios marcados pola Deputación de Pontevedra?*

Sr. Alcalde: *Si.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Remitiu vostede á Deputación de Pontevedra ese proxecto modificado da obra?*

Sr. Alcalde: *Teño entendido que si, pero ben, eu sei que o técnico noso estivo na Deputación. Se foi remitido o proxecto modificado ou non, non llo podó asegurar neste momento. Non quero dicir unha falsidade. Que si, que o noso técnico estivo de acordo co técnico da Deputación para ver cales eran as modificacións e se lle remitiu un plano cas modificacións propostas pola Deputación, iso estou seguro de que si. Que se lle remitise o proxecto modificado non o podó asegurar agora mesmo. Que si está feito, si.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Sabe vostede ou é consciente vostede se a Deputación reclamou, en varias ocasións, a remisión dese proxecto modificado?*

Sr. Alcalde: *É probable pero desde logo por escrito non. É probable que a través dos técnicos se fixese esa reclamación. Non teño constancia escrita pero si que aos técnicos é probable que lle fixeran esa apreciación.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *E se non se enviou aínda despois de que a autorización e o desbloqueo foi no mes de xaneiro, cales puideron ser os motivos para non haber enviado o proxecto? Porque non foi enviado.*

Sr. Alcalde: *Ben, supoño que son cuestións administrativas, sen máis, é non hai ningunha intención en non enviar, como vostede pode entender, o proxecto.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *En que medida afectan as modificacións efectuadas no proxecto ás características e dimensión da obra?*

Sr. Alcalde: *Evidentemente, ao ter que adaptar a obra a un novo proxecto é probable que a lonxitude das beirarrúas non sexa a que ía ser en principio. Esa é fundamentalmente.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Pero se o proxecto está feito non será probable... supoño que saberá en qué afecta.*

Sr. Alcalde: *Pero non pretenderá vostede que me saiba de memoria o proxecto inicial, a modificación,... Vostede ten eses proxectos aquí para o seu estudio cando estime oportuno. Non pretenderá que eu no pleno lle explique que proxecto é inicial, o que se fai despois...Digo eu que non pretenderá iso.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Home, a Ouzande foi ben a explicarlle ós veciños, contarlle algunha falsidade, polo tanto, que ...*

Sr. Alcalde: *Ben, vostede, todo son falsidades e mentiras dos demais e de vostede parece ser que non. Tódolos demais minten e falsean constantemente. Ben, é a súa opinión...*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Ben, é vostede coñecedor da acta de replanteo desta obra? Se é vostede coñecedor da acta de replanteo desta obra?*

Sr. Alcalde: *Mire, vostede, eu o único que fago é os expedientes que van á Xunta de Goberno aprobalos ou non, nada máis.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Non, ten que ser vostede coñecedor porque vostede levantou un reparo suspensivo dun informe de intervención nesta obra.*

Sr. Alcalde: *Pois se se levantou o reparo suspensivo é porque o máis importante é facer a obra.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Ben, non sempre.*

Sr. Alcalde: *Non, claro xa sei que non.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Non sempre e non a calquera prezo.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Existe o correspondente informe da Intervención no expediente?*

Sr. Alcalde: *Supoño que si, pero... vaia vostede ó expediente e mire o que hai, non me veña aquí ó pleno a preguntar estas cousas, vamos...*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Eu quero saber...*

Sr. Alcalde: *Eu creo que vostede o que preferiría e que non se houbera feito esa obra, así de sinxelo... Pero mire vostede, vámola facer, con tódalas dificultades que tivemos, con tódolos problemas, vámola a facer. Xa sei que vostede preferiría que non a houberamos feito, que lle vamos a facer, ...*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Prefiro que se caia o mundo...*

Sr. Alcalde: *Que lle vamos a facer, non, non, non...polo que vexo, parece que prefire que non se faga.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Está claro.*

Sr. Alcalde: *Vámola facer igual.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Eu o que quero é vixiar e fiscalizar a labor do goberno.*

Sr. Alcalde: *Vixíe noutros sitios que hai máis que vixiar que aquí llo digo eu.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *É o meu traballo.*

Sr. Alcalde: *Cando vostede era concelleiro fai 4 anos tamén había máis que vixiar e non vamos a entrar neso.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Non, xa entrou vostede. Acórdese vostede que entrou como un elefante nunha cacharreira os primeiros 6 meses de goberno atacando a “diestro - siniestro”.*

Sr. Alcalde: *Si, si, ben, pode continuar cas preguntas.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Xa intentou vostede facelo sen...*

Sr. Alcalde: *Pode continuar cas preguntas.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Moi ben, pois seguimos se me pode dicir vostede se é favorable o informe de intervención.*

Sr. Alcalde: *Mire, dígolle que agora mesmo non me coñezo de memoria o expediente ese, é dicir, polo tanto, é absurdo que me siga facendo esas preguntas. Pode vostede comprobar no expediente todo o que vostede estime oportuno.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Ben, o informe de intervención emítese con reparo suspensivo, pois nunha primeira acta de replanteo consta que non existe dispoñibilidade dos terreos para facela obra. Nunha posterior acta de replanteo do 17 de novembro asegura que existe dispoñibilidade dos terreos e que constan tódalas autorizacións e licenzas precisas para comezar a obra. Esta é a acta de replanteo. Está firmada polo representante da Administración, que é vostede, polo representante da contrata, pola dirección de obra e polo coordinador de seguridade. Esta acta de replanteo con data 17 de novembro ponse de manifesto que “existe disponibilidad de los terrenos precisos para la normal ejecución de las obras así como las licencias, autorizaciones y concesiones administrativas precisas que permitan la iniciación de estas obras”. Esta é a acta de replanteo... porque a firmou vostede.*

Sr. Alcalde: *Si, si, moi ben.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Segue mantendo vostede como certos os datos que constan nesta acta de replanteo?*

Sr. Alcalde: *Perdoe repita...*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Segue mantendo vostede como certos os datos que constan nesta acta de replanteo?*

Sr. Alcalde: *Se os técnicos que firmen din que iso é así, pois como vou eu a dicir o contrario.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Vostede non comproba, non?*

Sr. Alcalde: *Home, por favor, estamos chegando a extremos...*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Ten constancia vostede dalgunha denuncia dalgún veciño posterior á firma desta acta de replanteo onde se lle ocupan os seus terreos sen autorización pertinente?*

Sr. Alcalde: *Vamos a ver, hai un veciño, concretamente, que el non estaba dacordo. Ben. Eu o que teño falado coa Deputación, co presidente da Deputación, a respecto deste tema, é que finalmente se ese veciño non quere ceder os terreos as conducións faranse polo público, é dicir, pola cuneta, pola zona de afectación da vía da Deputación e non se fará na beirarrúa, taparanos con formigón e nada máis e non se ocuparán os terreos.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Ben, pero a acta de replanteo di que hai dispoñibilidade dos terreos e dous días despois un veciño...*

Sr. Alcalde: *Pos mire vostede, vaia vostede ó Xulgado e denuncie os técnicos que fixeron esa acta de replanteo pero é que... que quere vostede que lle diga?*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Ós dous días presenta unha denuncia...*

Sr. Alcalde: *Que denuncie vostede ós técnicos que firmaron esa acta de replanteo.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Non se poña nervioso.*

Sr. Alcalde: *Non son eu o responsable desa acta de replanteo, como vostede ben sabe.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Non, vostede firma.*

Sr. Alcalde: *Hai outras cousas. Pero firmáronse cousas moito peores aquí, Sr. López, como todos sabemos.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Si, si, todos. Non, o que sabemos é o que está pasando.*

Sr. Alcalde: *Por iso temos que estar derribando edificios tódolos días.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Iso si que o sabemos. Esa denuncia foi posta dous días despois da firma da acta de replanteo cando inician as obras e ocupan os terreos dunha persoa que non tiña autorización, todo o contrario do que di a acta de replanteo. Ben. Esta acta de replanteo tamén recolle que existen as correspondentes licenzas e autorizacións oportunas para executar a obra. Ten a data de hoxe a correspondente autorización da Deputación de Pontevedra para a execución das obras?*

Sr. Alcalde: *Ben, hai un acordo e non se nos paralizaron, polo tanto, é porque temos autorización, digo eu...*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Ten vostede constancia documental da documentación?*

Sr. Alcalde: *Dígolle que non me veña a pedir documentos ó pleno. Vostede... pero é que non o sei. Vostede...o que si sei é que temos autorización para continuar ca obra porque senón nola houberan paralizado e non está paralizada.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Non ten vostede autorización da Deputación.*

Sr. Alcalde: *Oia, pero vamos a ver. O que digo eu, dígoo eu. Non me diga vostede o que digo eu. Isto xa é alucinante, vamos.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Vostede responde e eu dígolle.*

Sr. Alcalde: *Isto xa é alucinante, por favor.*

Sr. López Campos, concelleiro do PP: *Dígolle finalmente que non ten vostede nin autorización para ocupar terreos nin ten vostede autorización da Deputación de Pontevedra para facer vostede esa obra. O que si ten é un descaro total de irlle a mentir ós veciños de Ouzande, culpando ó Partido Popular e a mín persoalmente de haber avisado ao técnico vixiante das obras de paralizar esas obras. Iso si que é unha falta de respecto político e, desde logo, para mín, desde ese momento, pois a súa persoa merece bastante pouca credibilidade. E ademais istos datos así o acreditan e eu creo que ademais é convinte que tódolos veciños saiban cal é a realidade. Por unha negligencia deste goberno e súa, en concreto, estase paralizando unha obra e estase executando unha obra con serios problemas que ademais recordo que foi cando a vostede se lle inchou a boca con aquelas famosas beirarrúas de Vilar. Recorde vostede que cargou contra o goberno anterior despois de ser vostede alcalde e lle está pasando exactamente o mesmo que lle pasou ó alcalde anterior e polo que vostede tivo bastante pouco respecto. Polo tanto, eu creo que a prudencia, e o rogo e en último o rogo, que teña prudencia e que saiba tamén administrar o cargo que ocupa, nada mais.*

Sr. Alcalde: *Ben, evidentemente, eu vou a seguir defendendo as beirarrúas de Ouzande. A credibilidade que teña vostede ou eu non a vamos a decidir nin vostede nin eu, senón os veciños da Estrada. E xa veremos no seu día quen ten a credibilidade e quen non a ten. Polo que respecta a esa obra eu voulle a dicir que eu vou seguir defendendo esa obra, vamos a rematar esa obra. E se a Deputación considera que non estamos facendo o correcto entón o que ten que facer é paralizala; e se vostede considera que no expediente hai algún papel que non debe de estar, o que debe de ir é ó Xulgado, non teño ningún inconvinte. O de lanzar injurias, verdade? E este tipo de acusacións veladas, pois me parece que non é de recibo pola miña parte. Tratar de dicir que o responsable da acta de replanteo é o alcalde...non me parece moi razoable. Polo tanto, o único que lle digo é que nós vamos a seguir adiante con esa obra que vamos a rematar no prazo... Se algún veciño non cede os terreos, como vostede sabe perfectamente, non temos diñeiro para expropialos. Nese tramo non se poderá executar. Executaremos o que poidamos. Esperemos que sexan todas, esperamos contar coa colaboración de todo o mundo e esperemos que sexa todo, todo o que ó final, despois da modificación, poidamos. Esperamos que sexa todo. E, nós, xa lle digo, imos seguir adiante e, desde logo, non me preocupa, en absoluto, ningún tema con referencia a esta obra. Algunha outra pregunta?*

Sra. Lourdes Loureiro, concelleira do PP: *Eu quería facer dous rogos e dúas preguntas. Vostede dirá quen as ten que contestar. Vou facer un pouco de historia. Na parroquia de Cereixo, no lugar de Pernaviva, fai anos, unha antiga asociación que houbo, pediu un espello que colocou o concello. Entón, ese dáballe servizo a catro veciños. Aí atrás había outro veciño que solicitou outro espello pero era na estrada da Deputación. A Deputación deu permiso para poñer ese espello pero dixo que como era pa el, tiña que ser el o que o puxera, ou sexa, o que o comprara. Entón, cando se deron conta os veciños, parece ser que ...teñen cos do concello puxeron un espello. Ó mesmo tempo, moveron o espello que había e entón danlle servizo só a unha persoa. Entón, esas tres casas que se beneficiaba, pois agora non se benefician. Entón, a pregunta é: porque se puxo un espello para unha soa persoa e quen o pediu? Entendícheste...?*

Sra. Raquel López Doce, concelleira do BNG: *Si, vamos a ver, non se quitou ningún espello. Houbo a solicitude doutro espello máis. Fíxose a tramitación correspondente, o informe da policía local, e como afecta a un vial da Deputación, trasladóuselle a solicitude á Deputación. Os informes eran que procedía a colocación e colocouse un espello máis. Houbo, hai dez días ou así, unha comunicación de que os temporais de vento moveran o espello e déronselle indicacións ós operarios para que volvesen a reorientalos, pero o que vostede está dicindo, descoñezo totalmente.*

Sra. Lourdes Loureiro, concelleira do PP: *Eu é o que me comentaron os veciños, porque eu eses espellos nos utilizo. Había un espello que daba servizo a catro casas. Non, pero ó moverse, ó poñerse ese... moveuse o outro.*

Sra. Raquel López Doce, concelleira do BNG: *Non, non... Están en sitios distintos porque son para xente... son tres cruces distintos e son para vehículos, é dicir, é para coller en dirección á Estrada ou coller en dirección a Codeseda.*

Sra. Lourdes Loureiro, concelleira do PP: *Non, non, non... estou falando en Pernaviva.*

Sr. Alcalde: *Vamos a ver, non ten ningún problema o tema. A tradición oral pérdese polo camiño. Se algún veciño ten que facer algunha solicitude a respecto dun espello ou do que sexa, pois eu creo que con vir por aquí e facer un pequeno escrito dicindo "Mire, este espello que se colocou en tal sitio non está ben... Entón nos mandamos á Policía Local a comprobar que é o pasa con iso e soluciónase o tema. Porque, claro, dixéronme... tal... Non nos centramos moito no que está pasando.*

Sra. Lourdes Loureiro, concelleira do PP: *Claro, é que non se centraron no sitio, onde lle explico.*

Sr. Alcalde: *Por iso, mellor é falalo...*

Sra. Lourdes Loureiro, concelleira do PP: *Ben, iso é o que me preguntaban. O rogo sería que intentaran que eses espellos, ou sexa...*

Sr. Alcalde: *Mandarase aí a Policía que mire o que pasa aí con iso.*

Sra. Lourdes Loureiro, concelleira do PP: *Claro, que os espellos dean servizo a máis dunha persoa, a catro, a cinco, ou ás que necesiten.*

Sr. Alcalde: *Vostede comprenderá que a nós nos dá igual como estén os espellos.*

Sra. Lourdes Loureiro, concelleira do PP: *Non, xa o sei. Pero os veciños din: como pon o Concello un espello beneficiando a unha persoa? Iso é o que preguntaba.*

Sr. Alcalde: *Ben, paréceme ben. Non sei, nós nin os poñemos nin nada... Fai un informe a policía e hai uns operarios que os colocan e, ben, pois xa está.*

Sra. Lourdes Loureiro, concelleira do PP: *E outro, é un rogo que xa dixen de outra vez se se podían retirar os camións que están mal aparcados na avenida Benito Vigo, porque están nunha zona que non se poden aparcas camións. Entón, os coches que saen da Rúa varela Buxán teñen que facer o stop case ó medio.*

Sr. Alcalde: *Estou de acordo co rogo ese. Tentaremos falar ca Policía para que intente resolver o tema.*

Sra. Cristina Goldar, concelleira do PP: *Ben, grazas, boas noites, eu só unha pregunta porque me chamou a atención nas resolucións da Alcaldía das que se dan conta hoxe que na número 54 e na número 86 constan catro facturas emitidas por Mundo Sénior que suman un importe total de case 27.000 euros e onde se di que se aproba ese gasto aínda que as actividades non se fixeron, que se han de realizar de xeito seguro, aínda que no futuro. Porque se aproba un gasto e se emiten unhas facturas dunhas actividades que aínda non se realizan? A que se debe?*

Sr. Alcalde: *Pois non lle podó contestar porque...*

Sra. Cristina Goldar, concelleira do PP: *É só porque me estraña...*

Sr. Alcalde: *Son as viaxes do Inerser e imaxino que terá que ser aprobado o gasto antes. Pero non hai ningún problema con iso, máis que ese.*

Sra. Cristina Goldar, concelleira do PP: *Vale, grazas.*

Sr. Reboredo Baños, concelleiro: *O rogo. Por segundo pleno consecutivo desgraciadamente escoitamos por parte do Sr. Alcalde termos non moi propios da súa figura como alcalde dirixidos á oposición. Eu, palabras como roio, impertinencia, ... As propostas que presenta o grupo da oposición creo que non son coherentes, é dicir, se nós dende a oposición soltamos roio, vostedes, por favor,... se nós soltamos roio cando expoñemos as nosas propostas, vostedes seguen soltando o mesmo rolo cando as rebaten, por tanto, apliquemos un pouco máis de coherencia, de respecto, e fagamos destas sesións plenarias, coma a de hoxe, que debían ser intrascendentes,... non se cometan faltas de desconsideración ós demais, nada máis.*

Sr. Alcalde: *Ben, estou de acordo con vostede. Véxoo máis moderado ultimamente. Se non hai máis intervención, levántase a sesión.*

Non habendo máis intervencións levántase a sesión ás vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos.

A Estrada, 8 de abril de 2010
O secretario en funcións

Asdo.: Rogelio A. Carrera Ares